



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE MARZO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día trece de marzo de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de marzo de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución de 5 de marzo de 2018, da Dirección Xeral do Tesouro, Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de

prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 57, do 6 de marzo de 2018).

- Orde do 20 de febreiro de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2018. (Diario Oficial de Galicia número 46, do 6 de marzo de 2018).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de servizos sociais da Deputación provincial da Coruña, ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 48, do 12 de marzo de 2018).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais da Deputación provincial da Coruña, ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 48, do 12 de marzo de 2018).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios, durante o ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 48, do 12 de marzo de 2018).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 1 ao 8 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 483/2018 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente número 556/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
483/2018	01/03/2018	Recurso contencioso administrativo procedemento ordinario número 0000014/2018, interposto por "IMdeG S.L";. Representación e defensa
484/2018	01/03/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total 42.060,00 euros
485/2018	01/03/2018	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 24.272,67 euros
486/2018	01/03/2018	Aprobación do recoñecemento de obrigas correspondente á aportación municipal ao Servizo de Transporte de Interese municipal (SIMU), ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área da Coruña- Programa de Mellora da Oferta.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Exercicio 2018
487/2018	01/03/2018	Renuncia lentes correstoras de DMCA
488/2018	01/03/2018	Aprobación lista provisional de admitidos para a selección interina dun arquitecto
489/2018	01/03/2018	Nomeamento de auxiliar administrativo interino por substitución transitoria da titular do posto
490/2018	01/03/2018	Aprobación dos proxectos corrixidos tras supervisión, incluídos no Plan de Cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de Concellos) POS + 2018
491/2018	01/03/2018	Ocupación de vía pública na rúa Cruceiro fronte Abanca o día 02.03.2018 realización de acto público
492/2018	02/03/2018	Denegar a axuda recibo auga por non cumprirse os requisitos esixidos no artigo 2. Solicitante: VSA
493/2018	02/03/2018	Ausencia de dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, do 25 de marzo ao 18 de abril de 2018
494/2018	02/03/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de marzo de 2018
495/2018	05/03/2018	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: NILG
496/2018	05/03/2018	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: IEM
497/2018	05/03/2018	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: MMP
498/2018	05/03/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto Solicitante: ZYEM
499/2018	05/03/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: JLTO
500/2018	05/03/2018	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MTM
501/2018	05/03/2018	Aprobación de incorporación de persoas voluntarias: LGM
502/2018	06/03/2018	Non estimación da petición de dona LTR, actuando en nome e representación de dona ICF, de deixar sen efecto o requirimento de retirada de bens e enseres da construción anexa á vivenda sita na estrada de Cambre ao Temple
503/2018	06/03/2018	Expediente de disciplina urbanística 4307/1990 por restauración dunha vivenda na Telva, Sigrás sen licenza municipal
504/2018	06/03/2018	Expediente de disciplina urbanística 41/1991 pola realización dunha estrutura e un cerramento en Apeadeiro, Cecebre
505/2018	06/03/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: SSM
506/2018	06/03/2018	Conceder a axuda bono transporte por importe de 25 euros. Solicitante: RGI
507/2018	06/03/2018	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: LBC



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

508/2018	06/03/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 450 euros. Solicitante: IVG
509/2018	06/03/2018	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: SFL
510/2018	06/03/2018	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: JMQP
511/2018	06/03/2018	Devolución de ingresos indebidos do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por desistimento. Solicitante: MJFM
512/2018	06/03/2018	Aprobación solicitude subv á Deputacion persoal museos 2018
513/2018	06/03/2018	Aprobación de altas e baixas de usuarios para participar nas escolas de actividade física e saúde do mes de febreiro
514/2018	07/03/2018	Declarar a caducidade do expediente 10/1993, incoado a don JMAIE pola construción de dous chabolos na finca sita en Corgo, s/n, Brexo, sen licenza municipal, ordenando o arquivo das actuacións
515/2018	07/03/2018	Segundo requirimento a GN S.U.R, SDG, S.A., para que presente a documentación esixida no marco do Procedemento de comprobación limitada PCL 3/2017
516/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de SGM. Expediente nº 2745/2016
517/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de IAA. Expediente nº 2750/2016
518/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MNBF. Expediente nº 2756/2016
519/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de BBF. Expediente nº 2757/2016
520/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ZB.F. Expediente nº 2758/2016
521/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de RFJ. Expediente nº 2768/2016
522/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ABN. Expediente nº 2777/2016
523/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de TJSM. Expediente nº 2778/2016
524/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AEG. Expediente nº 2781/2016
525/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JSP. Expediente nº 2805/2016
526/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de DBT. Expediente nº 2868/2016
527/2018	07/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MOLP. Expediente nº 2871/2016
528/2018	07/03/2018	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2018



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

529/2018	07/03/2018	Concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2017
530/2018	07/03/2018	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 69 euros. Solicitante: AKUI
531/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MALM. Expediente nº 2872/2016
532/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MJCG. Expediente nº 2878/2016
533/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JMSM. Expediente nº 2884/2016
534/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MLSM. Expediente nº 2885/2016
535/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de CAFM. Expediente nº 2918/2016
536/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JR. da M. Expediente nº 2919/2016
537/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JCRB. Expediente nº 2940/2016
538/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de RPHS. Expediente nº 2945/2016
539/2018	08/03/2018	Incoación expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MSM. Expediente 2946/2016
540/2018	08/03/2018	Incoación expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JRHL. Expediente 2947/2016
541/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LMLF. Expediente 2981/2016
542/2018	08/03/2018	Expediente de reposición legalidade urbanística 2018/I002/000002 por obras realizadas en edificación sita no de Drozo, Cambre, sen adaptarse á licenza concedida. Propiedade: JMCF
543/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MCRJ. Expediente 3005/2016
544/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ACR. Expediente 3006/2016
545/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JMCP. Expediente 3007/2016
546/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ICR. Expediente 3008/2016
547/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ASPC. Expediente 3061/2017
548/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor EFM. Expediente 2920/2016
549/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor VRA. Expediente 2921/2016
550/2018	08/03/2018	Incoación de expediente de baja de oficio no Padrón Municipal





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		de Habitantes do menor LHS. Expediente 2948/2016
551/2018	08/03/2018	Aprobar as liquidacións prezo publico actividades deportivas do mes de febreiro por un importe total de 3355,40 euros
552/2018	08/03/2018	Indemnizar ás persoas seleccionadas para o proxecto Prisma polos gastos de desprazamento e manutención que lles ocasione a súa participación. Aprobar un gasto de 14.100,00 euros
553/2018	08/03/2018	Conceder a tarxeta estacionamento a MAMG
554/2018	08/03/2018	Corrección de erro material na aprobación dos proxectos corrixidos tras supervisión, incluídos no Plan de Cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de Concellos) POS + 2018
555/2018	08/03/2018	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 8 de marzo de 2018
556/2018	08/03/2018	Expediente de disciplina urbanística 07/25/93 por construción dun chabolo en Sobrecarreira, Sigrás sen licenza municipal

#### 4º. Informes doutros asuntos de área

##### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Acudiu a unha reunión na Deputación para tratar varios proxectos que afectan ao noso termo municipal.
- Estivo presente no obradoiro promovido polo GDR sobre Infraestrutura Verde na Área da Coruña.
- Recibiu a un grupo de veciños e veciñas do edificio Hábitat Plus da Barcala, para tratar distintos problemas que sofren coa entidade xestora do edificio.
- Mantivo unha reunión coa Asociación de Veciños de Bribes sobre varios temas que afectan á dita parroquia como é a rede de sumidoiros.
- Estivo presente na charla "Retos e oportunidades para emprender en feminino" na que tres emprendedoras de Cambre, Enza di Piazza, Paula Patiño e Rocío Amil, contaron as súas experiencias persoais.

Dona María Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Foron invitadas a un debate político organizado por "ASCEGA" as concelleiras de Promoción Económica e Movemento Asociativo e Participación Cidadá, sobre Economía Comercio e Emprego.
- O día 7 de marzo trasladouse a Bribes para falar coa directiva da Asociación de Veciños.



- O día 8 de marzo ás 11:00 horas, asistiu no salón de Plenos do Concello de Cambre ao II Plan municipal de Igualdade do manifesto polo día da muller.

- O día 8 de marzo, ás 20:00 horas, asistiu no salón de plenos de Cambre á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo co obxectivo poñer en valor a figura da muller traballadora.

- O día 11 de marzo acompañou á Terceira Idade da Barcala a unha viaxe cultural á localidade de Allariz, Ourense.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta do seguinte asunto:

- Resumo da folga do día 8 de marzo: 31% paro de 2 horas, 2% folga de 7 horas, e 67% non fixeron folga.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 5 asistiu á convocatoria extraordinaria dunha reunión do Consello Escolar no CEIP Plurilingue O Graxal.

- O día 6 de marzo ás 18-30 h asistiu no salón de plenos do Concello a un obradoiro de participación sobre "Infraestrutura verde" da área da Coruña en colaboración coa Asociación Mariñas-Betanzos. Este acto foi presentado polo Sr. alcalde e asistiu o xerente desta entidade, don Jorge Blanco.

- O día 8 ás 11 horas con motivo da conmemoración do día da muller asistiu á presentación do II Plan de Igualdade. Ás 11:45 á lectura do Manifesto co motivo do Día da Muller.

- O día 8 ás 18 horas asistiu no salón de plenos á xornada: "Retos e oportunidades para emprender en feminino" onde contamos coa presenza de tres emprendedoras do municipio:

- o Paula Patiño, da empresa Acastrexa
- o Enza di Piazza, da empresa Bakery & Cake Shop, e
- o Rocio Amil, da empresa M.A.Ramos S.L.

A este acto tamén asisten o Sr. alcalde e o presidente da Asociación Mariñas-Betanzos D. Jose A Santiso Miramontes, así como a axente de emprego e desenvolvemento do concello Beatriz Castro Pico.

- O día 9 venres asistiu á feira do Temple, xunto coa técnica Beatriz Castro Pico.



## Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- O domingo día 11 asistiu á celebración do centenario da asociación "La Juventud de Cecebre".

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- O xoves día 8 asistiu á presentación do II Plan Municipal de Igualdade do Concello de Cambre celebrado no salón de sesións.

- O xoves día 8 asistiu á lectura do manifesto polo día da Muller no salón de sesións do Concello.

- O domingo día 11 asistiu á primeira xornada do Campionato Escolar de Xadrez Fase local de Cambre 2018 celebrado no pavillón Sofía Toro.

- O domingo día 11 asistiu á celebración do centenario da asociación "La Juventud de Cecebre".

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Devolución da garantía definitiva, por importe de 5.253,86 euros, á entidade "Cambre Ocio, S.L.", depositada en metálico, para garantir a prestación do servizo "Servizo de Actividades de Encontro e Ocio, promovidas polo departamento de Servizos Sociais". Expediente: 11/30-19 SERV

- Devolución da garantía definitiva, por importe de 1.637,20 euros, á entidade "Xestión Informática de Fomento, S.L.", depositada por aval bancario da entidade Caja España, para garantir a prestación do "Servizo de dixitalización do fondo da fotografía histórica municipal", promovidas polo departamento de Xuventude, Turismo e Patrimonio. Expediente: 10/14-10 SERV

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Devolución da garantía definitiva, por importe de 5.253,86 euros, á entidade "Cambre Ocio, S.L.", depositada en metálico, para garantir a prestación do servizo "Servizo de Actividades de Encontro e Ocio, promovidas polo departamento de Servizos Sociais". Expediente: 11/30-19 SERV**

Vista a proposta de Alcaldía de data 12 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

“Visto o escrito presentado por don Carlos González Criado , co DNI nº 76.416.350-T, en representación da entidade “Cambre Ocio, S.L.”, e domicilio na Praza Europa nº 5, 2º esquerda, 15660– Cambre, rexistrado de entrada ao número 9611, con data 9 de xullo de 2013, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva depositada en metálico de data 28/12/2011 e importe de 5.253,86 euros, depositado na Tesourería municipal o día 28/12/2011 para garantir a execución do contrato denominado “Servizo de Actividades de Encontro e Ocio, promovidas polo departamento de Servizos Sociais”, (Exp. nº 11/30-19 SERV).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxesión ou reparo, este segundo informe favorable emitido pola coordinadora de servizos sociais, responsable do contrato, coa data do 24 de marzo de 2014.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 26 de xaneiro de 2018.

A teor do establecido nos arts. 90.2. e 205.3 da Lei 30/2007 de 30 de Outubro, de Contratos de Sector Público e Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos de Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico Español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/ UE.

Vista a proposta do concelleiro delegado de área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 12 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “Cambre Ocio, S.L.”, no expediente número 11/30-19 SERV

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Devolución da garantía definitiva, por importe de 1.637,20 euros, á entidade “Xestión Informática de Fomento, S.L.”, depositada por aval bancario da entidade Caja España, para garantir a prestación do “Servizo de dixitalización do fondo da fotografía histórica municipal”, promovidas polo departamento de Xuventude, Turismo e Patrimonio. Expediente: 10/14-10 SERV**

Vista a proposta de Alcaldía de data 12 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 22 de abril de 2010, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Xestión Informática de Fomento S.L para o “Servizo de dixitalización do fondo da fotografía histórica municipal”, incluído no fondo estatal para el empleo y la sostenibilidad local. Expediente: 10/14-10 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario da entidade Caja España, de data 09/04/2010 e importe de 1.637,20 euros, depositado na Tesourería municipal o día 09/04/2010 para garantir a execución do contrato .

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, esto segundo informe favorable emitido pola Técnica de Promoción Económica, coa data do 21 de xullo de 2017

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 26 de xaneiro de 2018.

A teor do establecido nos arts. 90.2. e 205 e 283.3 da Lei 30/2007 de 30 de Outubro, de Contratos de Sector Público e Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos de Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico Español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/ UE.

Vista a proposta do concelleiro delegado de Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio de data 12 de marzo de 2018



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, "Xestión Informática de Fomento, S.L.", no expediente número 10/14 -10 SERV

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia